

RENACEMENTO - CINQUECENTO

EDIFICIO: SAN PEDRO DO VATICANO (CÚPULA)

AUTOR: **MIGUEL ANXO** BUONARROTTI (1475-1564)

CRONOLOXÍA: 1558-1561

ESTILO: Renacemento (Cinquecento) Manierista

LOCALIZACIÓN: Roma

COMITENTES: Papas (Xulio II, León X)

DIMENSIÓNS: 42 m diámetro/136 m altura



ANÁLISE E COMENTARIO

Para a construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano presentáronse proxectos de Bramante, Rafael, Sangallo e Miguel Anxo. O proxecto de Bramante, aínda que non chegara a realizarse, constitúe a expresión suprema do seu talento. Os planos orixinais conservados mostran como, desprezando a planta basilical de cruz latina do edificio paleocristián, Bramante impuxo o esquema central, culminación das súas investigación sobre o tema: cruz grega inscrita nun cadrado, con gran cúpula no centro, ábsidas semicirculares nos eixos e catro torres nos ángulos. A planta centralizada será o modelo ideal do Renacemento. A cruz grega inscrita nun cadrado e con cúpula no seu interior simboliza a unión do ceo e da terra, a idea de perfección suprema para os neoplatónicos. Ao morrer Sangallo, toma a dirección das obras Miguel Anxo, pero falece en 1564.

Miguel Anxo volta á idea orixinal de Bramante de realizar un templo de planta centralizada, pero as súas obras centráronse sobre todo na **cúpula**. Converte a cúpula no elemento máis expresivo, con case 42 m de diámetro e de dobre casco, sostida por catro robustos estribos. Tomou como modelo a de Brunelleschi da catedral de Florencia, lixeiramente apuntada no exterior e semiesférica no interior, pero non octogonal, senón circular. O sistema de equilibrio esixido pola cúpula coincide coa solución bizantina de contrarrestala con catro cúpulas menores tras os piares co que se dispuñan naves en planta cadrada en torno ao espazo central. Remataría a cúpula unha longa lanterna para ser vista desde todos os puntos da cidade. Deste cúpula durante a súa vida realizou o tambor. O seu sucesor nas obras, Giacomo della Porta, aínda que se basou en gran medida nos deseños de Miguel Anxo, alterou algo o resultado final, alongando a altura da cúpula e recortando a lanterna. A estrutura exterior desta inmensa cúpula resulta, a pesar do seu tamaño, moi dinámica por:

- **Tambor** (realizado por Miguel Anxo) composto por: un primeiro tambor con grandes xanelas que alternan rítmicamente frontón triangular e semicircular entre parellas de columnas moi saíntes con función de contrafortes e que crean efecto de claroscuro; o ático do tambor ou segundo tambor con decoración de guirnalda. O dinamismo establécese polo xogo de verticalidade de columnas e horizontal do ático e os entrantes e saíntes que crean efectos visuais, exemplo xa do manierismo.

- **Cúpula**, realizada por Giacomo della Porta, respectando o proxecto de Miguel Anxo, aínda que co casquete máis apuntado do previsto, xa que o elevou 7 m. Os nervos son pareados, partindo das columnas do tambor e confúen na lanterna como punto de fuga, potenciando o sentido ascensional. Entre os nervos ábreanse pequenas xanelas. O casquete interior divídese en 16 gallóns totalmente simétricos pintados e ten ventanais cadrados que, ao igual que no exterior, alternan frontón triangular e semiesférico. Estes vans, aparte de proporcionar luz, crean a sensación de que a cúpula non é pesada e ademais a sensación de espazo xiratorio. Este casquete presenta elementos decorativos: nas pechinas o Tetramorfos –símbolos dos Evanxelistas–, e no resto están representados diferentes santos e Deus Pai na lanterna.
- **Lanterna**, realizada por Carlo Maderno, que repite a escala máis pequena as columnas pareadas vistas no tambor, enlazadas a través dos nervos da cúpula, con parellas de columnas na lanterna.

Esta plasticidade de entrantes e saíntes tivo tanto éxito na Historia da Arte que son moitas as cúpulas que seguirán este esquema.

No interior da cúpula, as parellas de pilastras planas no tambor suxiren un movemento rotatorio, centrífugo, que dá á cavidade da cúpula a continuidade dun xiro permanente en torno ao centro luminoso da lanterna. Destaca a luminosidade e unidade espacial que dan unha monumentalidade non conseguida ata ese momento.

Miguel Anxo tamén realiza o alzado exterior da **cabeceira** con gran plasticidade e movemento de impulso vertical onde podemos distinguir:

- Un ático con xanelas apaisadas que reforzan a horizontalidade.
- Gran entaboamento que contrarresta o movemento ascensional de pilastras. Entre as pilastras dos niveis de vans con frontón triangular e os seguintes con frontón semicircular.
- Corpo inferior con pilastras de orde xigante.

Alternan rítmicamente no tamaño e forma dos vans e dos remates de frontóns triangulares e semicirculares. Fronte a harmonía, orde e equilibrio clásico, a grandeza extraordinaria do xogo de masas, tensións e rupturas, son xa de corte manierista.

A arquitectura é a actividade máis importante dos últimos anos de Miguel Anxo e nesta obra reflicte a beleza concibida por un artista atormentado, que vive a etapa final da súa vida. É un home angustiado e cheo de desacougo que mantén unha permanente loita por dominar a materia e darlle beleza, de tal xeito que unha vez conseguida a harmonía e proporción clásicas, segue investigando, poñendo de manifesto a tensión manierista da época e anunciando os camiños da arquitectura barroca.

A cúpula de Miguel Anxo é a cima por excelencia de todo o Cinquecento. Elévase sobre toda a arquitectura romana imperial. O proxecto da basílica sufriría novas modificacións. No S.XVII Carlo Maderno transformouna en planta de cruz latina segundo os desexos da Igrexa e tamén realizou a fachada. A transformación en planta de cruz latina desvirtuou o efecto que debía producir a cúpula aos fieis situados na Praza de San Pedro. Por isto hai que ver o edificio desde moi lonxe ou desde a parte posterior da cabeceira.

O edificio ten unha función relixiosa e de propaganda e prestixio do Papado, como centro da cristiandade. A cúpula levántase sobre a tumba no subsolo de San Pedro simbolizando o poder do Papado como continuador do apóstolo e polo tanto cabeza da Igrexa. Nunha inscrición na cúpula pódese ler a frase de Cristo a Pedro “Ti es Pedro e sobre esta pedra edificarei a miña igrexa, o que atases n a terra quedará atado no ceo. A cúpula servíu como modelo para obras posteriores como a cúpula da catedral de San Pablo en Londres ou a dos Inválidos en París.